

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA PENA DA SELA

CURSO: 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: INGLÉS

DATA: 09/05/2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Resáltanse con cor vermella os criterios de avaliación e os estándares relacionados coas **actividades de repaso, reforzo e recuperación**; os entroncados coas **actividades de ampliación** réalzanse con cor verde.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p><b>B1.1.</b> Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p>	<p><b>PLEB1.3.</b> Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p> <p><b>PLEB1.4.</b> Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p> <p><b>PLEB1.5.</b> Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p> <p><b>PLEB1.6.</b> Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>
<p><b>B2.1.</b> Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e</p>	<p><b>PLEB2.1. PLEB2.1.</b> Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa</p>

<p>frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</p>	<p>habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>
<p><b>B2.4.</b> Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.</p>	
<p><b>B3.1.</b> Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</p>	<p><b>PLEB3.1. PLEB3.1.</b> Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p>
<p><b>B4.1.</b> Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de</p>	<p><b>PLEB4.1.</b> Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.)</p>

<p>si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	
<p><b>B4.2.</b> Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.</p>	<p><b>PLEB4.2.</b> Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>
<p><b>B5.1.</b> Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p>	<p><b>PLEB5.1.</b> Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>
<p><b>B5.5.</b> Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p><b>PLEB5.5.</b> Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>
<p><b>B5.8.</b> Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”,</p>	

<p>“porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.</p>	
<p><b>B5.9.</b> Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p>	
<p><b>B5.14.</b> Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.</p>	

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas, tal e como se reflexa no Plan Xeral de Avaliación do centro.</p> <p>Realizarase tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- As aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.</li><li>- As actividades de recuperación, repaso, reforzo e as de ampliación das aprendizaxes anteriores (1º e 2º trimestres) que se desenvolvan durante o terceiro trimestre. Esta avaliación do 3º trimestre servirá para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</li><li>- Análise e valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual do alumnado.</li></ul> <p>- Instrumentos: Utilízanse distintos instrumentos de avaliación que permiten valorar os distintos grados de realización das aprendizaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Actitude.</li><li>• Probas escritas: exercicios de expresión escrita.</li><li>• Probas lectoras: cuestionarios de comprensión lectora.</li><li>• Probas orais.</li></ul> <p>Observación diaria: valoración do traballo diario.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final de curso dependerá da:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Valoración do resultado académico acadado durante a primeira e a</li></ul>

	<p>segunda avaliación máis do resultado da realización de tarefas de repaso, reforzo, recuperación e, ou, ampliación durante o terceiro trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- O traballo do terceiro trimestre será valorado en función dos procedementos e instrumentos mencionados con anterioridade.</li></ul>
--	--



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>O desenvolvemento das actividades estrutúrase arredor das catro destrezas básicas da comunicación oral e escrita:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Ler: lectura de textos provenientes de diversas fontes: libro de texto, traballos escritos polo alumnado da súa aula, cuestionarios de competencia lectora, blog de inglés...</li><li>• Escribir: cartas, redaccións, exercicios do libro de texto...</li><li>• escoitar: explicación dos contidos impartidos durante as videoconferencias realizadas co mestre e co resto do alumnado da aula, cuestionarios de comprensión oral, visionado de documentos audiovisuais e de curtametraxes educativos...</li><li>• Falar: corrección das actividades realizadas mediante videoconferencias ou a través de arquivos enviados por teléfono ou subidos á plataforma Edmodo.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado ten conectividade e está en contacto co profesorado a través da plataforma Edmodo, dos blogs que utilizamos (o de aula, o blog de biblioteca e o do colexio), por teléfono (teñen o número persoal dos docentes) e mediante unha videoconferencia semanal co profesorado e co resto do alumnado da súa aula.
<b>Materiais e recursos</b>	Os recursos físicos dos que dispoñen son libros de texto, caderno e dispositivos electrónicos.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informaremos ás familias a través dos blogs do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.